

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela, na súa sesión ordinaria do 28 de setembro de 2000, adoptou o acordo definitivo de crear o Consello Municipal de Normalización Lingüística e aprobou o seu regulamento, que se transcribe a seguir:

Consello Municipal de Normalización Lingüística

Artigo 1

O Consello Municipal de Normalización Lingüística é un órgano colexiado de participación comunitaria para a consulta e seguimento da política lingüística desenvolvida no ámbito municipal.

Artigo 2

1 O Consello Municipal de Normalización Lingüística estará constituído polos seguintes membros:

- Presidente: O Alcalde.
- Vicepresidente executivo: O Concelleiro Delegado de Normalización Lingüística.
- Vocais:
 - Un representante por cada un dos grupos políticos integrantes da Corporación.
 - Un representante da Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.
 - Un representante das entidades asociativas en defensa do idioma.
 - Un representante das entidades asociativas de ámbito cultural, a proposta do Consello Municipal de Cultura.
 - Un representante das entidades asociativas xuvenís, a proposta do Consello Municipal da Mocidade.
 - Un representante do empresariado, a proposta do Consello Económico e Social Municipal.
 - Un representante das organizacións sindicais, a proposta do Consello Económico e Social Municipal.
 - Un representante do movemento veciñal a proposta do Consello de Relacións Veciñais.
 - Un representante da Universidade de Santiago de Compostela.

- Un representante do ensino non universitario, a proposta do Consello Municipal de Educación.

- Secretario: será o do Concello ou funcionario municipal en quen delegue.

2 En cumprimento do artigo 28 do RPC, o presidente terá as seguintes funcións:

- a Representar o Consello que preside.
- b Convocar as sesións, presidilas e moderar o desenvolvemento do debate.
- c Formular a orde do día das reunións.
- d Ordenar a publicación dos acordos, de ser o caso, e dispor o seu cumprimento.

3 Son funcións do vicepresidente:

- a Substituír o presidente e colaborar nas súas funcións.
- b Velar pola execución dos acordos do Consello.

4 Son funcións do secretario:

- a Dar fe pública nos actos correspondentes dos asuntos tratados e resolucións adoptadas.
- b Facilitarlles a documentación necesaria aos membros do Consello.

5 Tal e como se establece no artigo 31 do RPC, a Vicepresidencia segunda recaerá necesariamente nun representante das entidades sociais.

6 O voto dos membros do pleno será persoal e non delegábel; recoñecéndose o dereito dos discrepantes a formular votos particulares.

7 Ás reunións do Consello poderán asistir en calidade de asesores aqueles especialistas, expertos ou membros de asociacións que a presidencia ou a maioría do Consello consideren necesarios, que participarán con voz pero sen voto.

Artigo 3

Os membros do Consello Municipal de Normalización Lingüística serán designados polo Pleno do Concello, logo da consulta aos consellos sectoriais existentes ou, de non os haber, ás entidades máis representativas de cada ámbito.

Artigo 4

1 O Consello Municipal de Normalización Lingüística reunirse, ordinariamente, unha vez por semestre e, con carácter extraordinario, por convocatoria do seu presidente ou cando así o solicitar un terzo dos seus membros.

2 Para a válida constitución do Consello requírese, en primeira convocatoria, a presenza da metade máis un dos seus membros. En segunda convocatoria poderá constituírse coa presenza de, cando menos, un terzo dos seus membros.

3 Os acordos adoptaranse por maioría simple.

4 De cada reunión que se celebre redactarase unha acta.

5 O Consello Municipal de Normalización Lingüística poderá formar no seu seo as comisións de traballo que considere convenientes.

Artigo 5

Segundo o art. 32 do RPC, unha vez constituído o Consello Municipal de Normalización Lingüística, dotarase dun regulamento interno de funcionamento que deberá ser ratificado polo Pleno da Corporación.

Artigo 6

Son funcións do Consello Municipal de Normalización Lingüística:

- a Participar na elaboración dos planos de normalización lingüística globais ou sectoriais e facer o seu seguimento.
- b Emitir informes por pedimento dos órganos de goberno municipais ou das comisións informativas a respecto da política lingüística no ámbito municipal.

- c Emitir informes ou propostas por iniciativa propia sobre aspectos xerais ou puntuais da política lingüística no ámbito municipal.
- d Estabelecer canles de relación cos sectores sociais interesados ou obxectivo da política lingüística municipal.